

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **15 de xullo de 2025**

Ás 18.01 horas do día 15 de xullo de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a M.^a Begoña Álvarez Matos

Non asisten os deputados don César Manuel Fernández Gil e don Gonzalo Pérez Jácome que son substituídos por don Rosendo Luis Fernández Fernández e don Rafael Martínez Cachafeiro, respectivamente.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 19 DE XUÑO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de xuño de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 19 de xuño de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN MULTIUSOS DE XIMNASIA E O RECOÑECIMENTO DE OURENSE COMO CAPITAL DA XIMNASIA DE GALICIA (EXPTE. Nº 2025/17716W).-

D. Álvaro Vila Arújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

Ourense é terra de ximnasia e de recoñecidos ximnastas, adestradoras e adestradores, e clubs, que dende hai case medio século marcaron época a nivel provincial, autonómico, nacional e internacional. A provincia de Ourense consolidouse coma referente indiscutible na ximnasia galega, non só pola excelencia dos resultados deportivos, senón tamén pola capacidade de formar talentos que transcenden as nosas fronteiras. Esta tradición deportiva constitúe unha sorte de patrimonio inmaterial que merece ser preservado e potenciado a través de infraestruturas axeitadas que permitan o seu desenvolvemento futuro. A forza desta disciplina na provincia radica na dedicación de xeracións de deportistas, técnicos e familiares que mantiveron viva a chama da excelencia ximnástica ourensá.

Non se entende a ximnasia no Estado español nas súas distintas disciplinas (rítmica, acrobática, trampolín, estética) sen falar do Club 2000, Aurora Prada, Marta Bobo, Pino Díaz, Mari Cruz e Pili Cobelas, Silvia Alonso, Loli Graña, Isaura Hermida, Ada Pazos, Begoña Paredes, Ángeles Pérez, Miguel Vicente Mariño, Daniel Pérez Morales, Yael Campelo, Esther Prieto, Melania Rodríguez, Club Ximnasia Pavillón, Club Ximnasia As Burgas, Club Marusia, Carmen Blanco, e un longuísimo etcétera de figuras que levaron e levan con orgullo o nome de Ourense polo mundo. Esta riqueza humana e deportiva require dunha resposta institucional á altura das súas conquistas e da súa proxección de futuro. O talento ourensán na ximnasia non foi froito da casualidade, senón do traballo sistemático e do compromiso colectivo cunha modalidade que se converteu en emblema provincial.

Os éxitos da ximnasia en Ourense a altísimo nivel son inversamente proporcionais á precariedade e insuficiencia das instalacións deportivas especializadas para a súa práctica coas que contaron ata o día de hoxe. Malia a colaboración do Consello Municipal de Deportes e do Pazo de Deportes Paco Paz, as limitacións das infraestruturas comprometen o desenvolvemento pleno dunha disciplina que precisa de espazos técnicos específicos adaptados ás súas diferentes modalidades. Estas carencias non só afectan ao rendemento deportivo dos nosos atletas, senón que tamén limitan as posibilidades de crecemento e expansión da ximnasia. A falta de instalacións axeitadas obriga aos clubs a traballar en condicións infra-óptimas, impedindo que o potencial dos nosos ximnastas poida desprezarse en toda a súa magnitude.

En febreiro de 2014, fai xa máis de unha década, o entón delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense anunciaba que a finca Mariñamansa da cidade de Ourense contaría cun polideportivo chamado a converterse en referente da ximnasia en Galicia e no Estado. Daquela recoñecía-se xa que non existía un lugar axeitado para o desenvolvemento de campionatos e adestramentos deste deporte na capital provincial. Desde a Xunta comprometían a construción dun polideportivo multiusos coa tecnificación axeitada para o desenvolvemento de campionatos de alto nivel en todas as modalidades ximnásticas, comprometendo un orzamento estimado en tres millóns de euros. Esta promesa, que alentou as expectativas de toda a comunidade ximnástica provincial, permanece incumplida máis dunha década despois, evidenciando a falta de vontade política real para materializar este proxecto estratéxico. O transcurso do tempo sen avances substanciais xerou frustración na comunidade deportiva provincial e evidencia a necesidade dunha nova achega ao problema.

Daquela, o goberno bipartito do Concello de Ourense formado polo PSdeG-PSOE e o BNG plantexou a posibilidade de construír un complexo deportivo na zona sur da cidade, que contaba cun Plan Director e un Estudo Xeotécnico dentro da política de descentralización de infraestruturas e de achegamento do deporte a todos os barrios da cidade promovida polo executivo local. No marco dun compromiso acadado por ámbalas dúas institucións, o Estudo fora remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. Este proxecto contemplaba un pavillón adaptado ás necesidades específicas das distintas modalidades de ximnasia, recoñecendo a tradición e potencial desta disciplina na provincia. A existencia desta planificación previa demostra que xa se fixeron avances técnicos importantes que poderían servir de base para a materialización definitiva do proxecto.

En xuño do 2024, o actual alcalde e o concelleiro de deportes anunciaban publicamente que o Concello de Ourense tiña previsto a construción do novo pavillón deportivo para a práctica da ximnasia na cidade. Este anuncio careceu de concreción e non se demandou ningún tipo de colaboración por parte da Deputación Provincial nin doutras administracións, limitando as posibilidades de financiamento e execución dun proxecto que, pola súa envergadura e calado, require do concurso de todas as institucións da provincia. A complexidade técnica e económica dunha infraestrutura desta natureza fai imprescindible a coordinación e compromiso compartido entre todas as administracións competentes. Sen esta colaboración institucional, o proxecto corre o risco de quedar paralizado ou de non acadar os estándares de calidade que merece a ximnasia ourensá.

A provincia de Ourense ten a oportunidade histórica de converter a Ourense na capital da ximnasia de Galicia, recoñecendo oficialmente o seu liderado en resultados deportivos e consolidando un modelo de especialización que pode xerar retornos económicos, sociais e de prestixio para todo o territorio provincial. Un pavillón multiusos de ximnasia de alta tecnificación respondería ás necesidades ximnásticas e constituiría un polo de atracción para eventos deportivos de ámbito nacional e internacional, xerando actividade económica na hostalería, comercio e servizos da comarca de Ourense e da provincia. A especialización deportiva pode devir vector de desenvolvemento, atraendo investimentos, creando emprego e posicionando a provincia como referente nunha modalidade de crecente popularidade. Este recoñecemento oficial como capital da ximnasia galega suporía un impulso ao turismo deportivo e á proxección da imaxe da nosa provincia.

Diante da parálise do proxecto e as necesidades urxentes das e dos deportistas, e os clubs, para adestrar e competir nunhas instalacións dignas, entóxase fundamental que a Deputación de Ourense exerza un rol de dinamización do desenvolvemento provincial e de coordinación interinstitucional para impulsar esta infraestrutura estratéxica. A institución provincial ten a responsabilidade e a capacidade para liderar un proceso que beneficia ao conxunto do territorio e require dunha visión supramunicipal para a súa materialización. A Deputación debe asumir un protagonismo activo na materialización deste proxecto que transcende os límites dos concellos e afecta ao prestixio e á proxección deportiva de todo o territorio provincial. A súa implicación directa, tanto desde o punto de vista técnico como financeiro, pode ser determinante para desbloquear un proxecto que leva demasiado tempo paralizado e que precisa dunha coordinación efectiva entre todas as administracións competentes.

Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

PRIMEIRA.- Que a Deputación asuma un rol de liderado na coordinación interinstitucional necesaria para impulsar conxuntamente coa Xunta de Galicia e o/s concello/s afectado/s a construción definitiva dun novo pavillón multiusos de ximnasia na comarca de Ourense, dotado da tecnificación e características técnicas necesarias para acoller competicións de alto nivel en todas as modalidades ximnásticas.

SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense avalíe as posibilidades de destinar unha partida orzamentaria específica nos próximos orzamentos provinciais para colaborar no financiamento da construción do novo pavillón de ximnasia, demostrando así o seu compromiso real cun proxecto que beneficia ao conxunto da provincia.

TERCEIRA.- Que a Deputación de Ourense promova a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concello/s afectado/s que concrete compromisos, prazos e achegas económicas de cada administración para a materialización definitiva deste proxecto, garantindo así a súa viabilidade e execución.

CUARTA.- Que a Deputación de Ourense impulse o recoñecemento oficial de Ourense como Capital da Ximnasia de Galicia diante das instancias autonómicas e nacionais correspondentes para reflectir realidade deportiva da provincia e potenciar a súa proxección como destino de turismo deportivo, contribuíndo así á promoción económica provincial a través do deporte.

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, sinala que en principio están conformes coas propostas desta moción, se ben matizan que a iniciativa debe recaer no concello, sen prexuízo de que a Deputación ou outras administración poidan cofinanciar esta infraestrutura.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, indica que o seu grupo estudará esta proposta, moi similar á que formula o grupo de DO, e que se posicionarán no Pleno.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, insiste na necesidade desta infraestrutura e que se o concello non toma a iniciativa, pode ser a Deputación a que a asuma. Non é imprescindible que esta infraestrutura se emplace na capital, xa que pode situarse nalgún concello da área metropolitana.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Que a Deputación asuma un rol de liderado na coordinación interinstitucional necesaria para impulsar conxuntamente coa Xunta de Galicia e o/s concello/s afectado/s a construción definitiva dun novo pavillón multiusos de ximnasia na comarca de Ourense, dotado da tecnificación e características técnicas necesarias para acoller competicións de alto nivel en todas as modalidades ximnásticas.

SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense avalíe as posibilidades de destinar unha partida orzamentaria específica nos próximos orzamentos provinciais para colaborar no financiamento da construción do novo pavillón de ximnasia, demostrando así o seu compromiso real cun proxecto que beneficia ao conxunto da provincia.

TERCEIRA.- Que a Deputación de Ourense promova a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concello/s afectado/s que concrete compromisos, prazos e achegas económicas de cada administración para a materialización definitiva deste proxecto, garantindo así a súa viabilidade e execución.

CUARTA.- Que a Deputación de Ourense impulse o recoñecemento oficial de Ourense como Capital da Ximnasia de Galicia diante das instancias autonómicas e nacionais correspondentes para reflectir realidade deportiva da provincia e potenciar a súa proxección como destino de turismo deportivo, contribuíndo así á promoción económica provincial a través do deporte.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE COLABORACIÓN COS CLUBS DEPORTIVOS PARA A IMPLANTACIÓN EFECTIVA DO PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES FRONTE Á VIOLENCIA NO DEPORTE (EXPTE. Nº 2025/17741G.-

D. Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

A loita contra a violencia na infancia é un imperativo de dereitos humanos", subliña o preámbulo da Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes Fronte á Violencia. A aprobación desta Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, implicou un avance significativo na defensa dos seus dereitos nunha entona segura e saudable en todos os ámbitos da súa vida, incluíndo o educativo, o deportivo, as actividades de ocio e lecer, e o familiar. Esta normativa establece no seu artigo 8.1 que "las administraciones públicas promoverán la colaboración público-privada con el fin de facilitar la prevención, detección precoz e intervención en las situaciones de violencia sobre la infancia y la adolescencia, fomentando la suscripción de convenios con los medios de comunicación, los agentes sociales, los colegios profesionales, las confesiones religiosas, y demás entidades privadas que

desarrollen su actividad en contacto habitual con niños, niñas y adolescentes o en su ámbito material de relación". En aplicación destes principios e a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o Observatorio da Familia e da Infancia de Galicia aprobou o 14 de maio de 2024 a activación do Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte.

Con todo, a posta en marcha do devandito protocolo revela importantes eivas que comprometen a súa efectividade na protección dos menores. O protocolo da Secretaría Xeral para o Deporte impón aos clubs o nomeamento dunha persoa Delegada de Protección á que lle atribúe unha serie de tarefas e á que se esixe unha formación específica. Porén, non se ten establecido un sistema de control sobre a formación real que ten a persoa nomeada polos clubs para esta función, nin semella existir un plan de avaliación rigoroso que analice a correcta implementación deste protocolo. Doutra banda, a administración autonómica non ten proporcionado axuda suficiente aos clubs para a implantación efectiva do protocolo, limitándose a unha sesión de formación de escasas horas á que só asistiron quen voluntariamente quixeron facelo, e a uns vídeos informativos subidos na páxina web. Esta achega é insuficiente para garantir a correcta aplicación dunha normativa tan importante, que require dunha comprensión profunda e aplicación rigorosa para ser efectiva na protección dos menores.

É fundamental que os clubs deportivos contén coas ferramentas e coñecementos necesarios para comprender e aplicar correctamente a normativa, xa que a falta de formación adecuada pode levar a situacións de vulnerabilidade para os menores. A carencia de sensibilización sobre esta cuestión pode favorecer a perpetuación de comportamentos inadecuados que van en contra dos principios de respecto e protección que establece a lei. Como vemos a cotía nos medios, a violencia no deporte contra menores segue a ser unha realidade preocupante que require dunha resposta coordinada e efectiva de todas as administracións. Por todo, considérase necesario establecer plans de formación específicos dirixidos aos clubs deportivos para integrar de maneira efectiva este protocolo nas súas prácticas, promovendo entornas verdadeiramente seguras e saudables para todos os participantes. Ademais, é imprescindible proporcionar axudas económicas que faciliten a implementación desta normativa, garantindo que os clubs dispoñan dos recursos necesarios para poñer en marcha as medidas adecuadas sen que isto supoña unha carga económica insostible para as súas tesourerías.

A Deputación de Ourense non debera manterse á marxe desta colaboración entre administracións na protección dos menores, tendo en conta que a propia institución puxo en

marcha en 2022 o proxecto OU DS Axenda 2030 para facilitar a implantación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable en colaboración cos concellos da provincia. Os ODS 3 (Saúde e Benestar), 5 (Igualdade de Xénero) e 16 (Paz, Xustiza e Institucións Sólidas) teñen relación directa coa Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes contra a Violencia no Deporte. No que atinxe ao desenvolvemento do ODS 3, é precisamente nesta OU DS Axenda 2030 onde a Deputación inseriu o Programa de Fomento Deportivo "Vive o deporte" desde 2024 e onde realiza un diagnóstico sobre a situación da saúde mental na provincia. Tería moito sentido dedicar parte dos recursos consentidos e incluír accións específicas encamiñadas a previr e eliminar a violencia no deporte, tanto vencelladas con este obxectivo coma cos ODS 5 e 16, apuntalando así a un dereito fundamental de nenos, nenas e adolescentes: o dereito a vivir nunha entorna segura e en paz.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- *Incorporar á OU DS Axenda 2030 accións que favorezan a implantación da Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte, a través dos obxectivos ODS 3 (Saúde e Benestar), 5 (Igualdade de Xénero) e 16 (Paz, Xustiza e Institucións Sólidas).*

SEGUNDA.- *Desenvolver e implementar plans de formación dirixidos a clubs deportivos en materia de protección de menores no deporte, promovendo a colaboración con especialistas en dereitos da infancia e campañas de sensibilización para pais, adestradores e directivos.*

TERCEIRA.- *Instar á Xunta de Galicia e aos concellos a establecer axudas económicas para clubs deportivos que implementen accións concretas en cumprimento da lexislación, e valorar que a Deputación Provincial poida complementar estas achegas dentro do seu ámbito competencial.*

CUARTA.- *Establecer mecanismos de avaliación e seguimento da posta en marcha das accións desenvolvidas, asegurando a súa efectividade na práctica e o cumprimento real dos obxectivos de protección da infancia no ámbito deportivo.*

Dona María Mangana Guede, do BNG, sinala que en principio están a favor das propostas, se ben matiza que na maior parte dos casos os causantes da violencia no deporte están nas gradas, e son os familiares dos menores que practican deporte.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, manifesta a reserva de voto do seu grupo de cara ao Pleno.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2) e de Democracia Ourense (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Incorporar á OU DS Axenda 2030 accións que favorezan a implantación da Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte, a través dos obxectivos ODS 3 (Saúde e Benestar), 5 (Igualdade de Xénero) e 16 (Paz, Xustiza e Institucións Sólidas).

SEGUNDA.- Desenvolver e implementar plans de formación dirixidos a clubs deportivos en materia de protección de menores no deporte, promovendo a colaboración con especialistas en dereitos da infancia e campañas de sensibilización para pais, adestradores e directivos.

TERCEIRA.- Instar á Xunta de Galicia e aos concellos a establecer axudas económicas para clubs deportivos que implementen accións concretas en cumprimento da lexislación, e valorar que a Deputación Provincial poida complementar estas achegas dentro do seu ámbito competencial.

CUARTA.- Establecer mecanismos de avaliación e seguimento da posta en marcha das accións desenvolvidas, asegurando a súa efectividade na práctica e o cumprimento real dos obxectivos de protección da infancia no ámbito deportivo.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

Consonte co establecido no artigo 91.4 do ROF, en relación co 97.3 da mesma norma, o grupo provincial de Democracia Ourense presenta unha moción relativa á construción de infraestruturas deportivas en Ourense.

Sometida a súa inclusión pola vía de urxencia, resulta aprobada por unanimidade.

4ºA.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A CREACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS.-

D. Rafael Martínez Cachafeiro, de Democracia Ourense, expón o contido da seguinte moción:

En relación á moción que presenta o PSOE, xa debatida o pasado día catro no Pleno do Concello, sobre a necesidade de executar unha instalación deportiva na área urbana da cidade. O concelleiro de deportes, encargado de defender a nosa proposta reiterou esta necesidade sinalada na moción.

Pero indo máis aló dun brinde ao sol, propuxo unha posible localización, que estaría en terreos onde todas as administracións municipais e supramunicipais estarían representadas a través dunha Fundación.

Antes de volver expoñer o tipo de instalación do que estaríamos a falar e que disciplinas abarcaría, gustaríanos poñer de manifesto as vantaxes desta localización a nivel provincial: ÁREA DE INFLUENCIA XEOGRÁFICA. Unha instalación deste tipo melloraría o parque de infraestruturas municipais, pero tamén o de concellos, como San Cibrao das Viñas, (ambos representados no Padroado da Fundación), Barbadás, Taboadela e Pereiro de Aguiar. Rozaría unha área de influencia ao redor dos 200.000 habitantes, que nunha provincia como Ourense é un dato importante.

SERVIZOS EXISTENTES. Como saben, esta área xa existe nas instalacións do Paco Paz, o Instituto de Educación secundaria Ferro Couselo, ou a propia pista de atletismo de Galicia de Expourense, que dispón de zonas de aparcamento, conexións a transporte público e proximidade de vías de alta capacidade, o que melloran a súa conectividade.

Por outro lado, estaría a proximidade da senda peonil do Barbaña, que conectará peonilmente distintas áreas da cidade con este gran espazo deportivo que estamos a sinalar. Polo tanto, ademais de abarcar unha grande área de influencia, potenciará o transporte sostible e activo.

MODELO COÑECIDO. Como saben, seguindo este modelo participativo no Padroado da Fundación, no Pavillón realizouse un recinto feiral que é unha das instalacións máis emblemáticas do noso país, creándose un modelo do que hoxe todos estamos especialmente orgullosos.

Respecto á tipoloxía de instalación, como xa adiantaba Anibal, o concelleiro de deportes do Concello Ourense na súa intervención no Pleno Municipal, ten que ser unha instalación multifuncional, que abarque disciplinas deportivas que non atopen localización nas súas instalacións municipais.

Como exemplo, o deporte de ximnasia, para poder executar os lanzamentos de aparellos demanda unha zona de altura da cuberta da instalación. Nesta zona sería un dos deportes para situar e conviviría perfectamente con outro deporte que tamén precisa gran altura, pero pouca ocupación horizontal, como é a disciplina olímpica da escalada. Hai deportes que non teñen localización clara e que encaixarían en espazos complementarios como salas de deportes de combate ou deportes de raqueta como bádminton, pickleball ou volleyball. Estas disciplinas na área de influencia que abarcaría este equipamento, achegarían este espazo deportivo a máis de 4.000 deportistas, o que supoñería unha estimación de 100.000 usuarios anuais.

Se neste investimento, a maiores alóxanse dous ou tres rúas de quecemento, con fosos de atletismo cabería a posibilidade de albergar, suplementando a nosa pista de Expourense,

campionatos europeos ou mundiais, facendo dar un salto cualitativo esta instalación dos que todos estamos moi orgullosos polo seu funcionamento e poder de atracción.

Dependendo o ambiciosos que sexamos no deseño podemos albergar competicións de todas estas disciplinas a nivel autonómico, nacional ou internacional, convertendo Ourense, (tan ben conectada a día de hoxe), nun polo de atracción de participantes en competicións deportivas de todos os lugares de Galicia, España ou Europa, o que potenciará todos os programas de desenvolvemento rural que promove este ente provincial.

Por todo o exposto solicitamos:

A creación dunha mesa participada pola Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello para elaborar conxuntamente as bases dun proxecto realista.

A construción dun Pavillón Multiusos destinado a ximnasia e deportes que requiran altura da cuberta e un polideportivo onde teñan cabida deportes que actualmente non se poidan realizar nas instalacións existentes.

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, manifesta que eles en principio estarían a favor das dúas mocións que tratan de solicitar esta infraestrutura para a cidade e para a provincia, aínda que presentan matices diferentes, engadindo que sería bo que saíse unha única proposta clara desta Corporación Provincial para conseguir que se faga esta obra.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que o problema é que o concello non está a asumir o liderado que debería, polo que se non o fai o pode facer esta Deputación.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, amosase partidaria de lograr unha moción de consenso entre todos os grupos de cara ao Pleno.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

A creación dunha mesa participada pola Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello para elaborar conxuntamente as bases dun proxecto realista.

A construción dun Pavillón Multiusos destinado a ximnasia e deportes que requiran altura da cuberta e un polideportivo onde teñan cabida deportes que actualmente non se poidan realizar nas instalacións existentes.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 18.33 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

